



Concello de
Castroverde

Concellería de Cultura

BASES DO CONCURSO DE FOTOGRAFIA

"ENTROIDO CASTROVERDE 2014"

1. PARTICIPANTES

Dirixido a todas aquelas persoas empadroadas en Castroverde, sen límite de idade.

2. TEMA E MODALIDADE

O tema das fotografías presentadas ao concurso será "O Entroido no Concello de Castroverde 2014".

As fotografías serán inéditas e non deben haberse publicado con anterioridade en ningún outro concurso, certame ou medio público.

3. PRESENTACIÓN DAS OBRAS

Cada participante presentará unha obra inédita en cor ou branco e negro, analóxicas ou dixitais, impresas en papel fotográfico, cunhas dimensións mínimas de 15x20cm e un máximo de 20x30cm

Polo reverso da fotografía deberá indicarse o título e o nome do autor da mesma.

Os datos reais do concursante (nome e apelidos, dirección, teléfono e DNI), irán nunha nota aparte e entregarase xunto coa fotografía dentro de un sobre pechado.

No exterior do sobre figurará o mesmo título e nome do autor que aparece no reverso da fotografía.

4. LUGAR DE ENTREGA

Será nas oficinas do Concello en horario de 9:00 a 14:00 horas.

5. PRAZO DE ENTREGA

O prazo para a entrega das fotografías remata o Venres 4 de Abril de 2014.

6. VALORACIÓN

Unha vez entregadas as fotos no Concello, un xurado constituído por fotógrafos profesionais e persoas relacionadas co mundo da imaxe, realizarán a valoración de tódalas obras presentadas, segundo a calidade da mesma, orixinalidade artística, etc... decidindo finalmente que foto será a premiada.

A decisión do xurado farase pública en diferentes medios de difusión e de forma telefónica o gañador.

Unha vez que o xurado delibere, solicitarase ó autor da fotografía gañadora a entrega dos soportes da mesma para a súa posible impresión e manexo (negativos, en caso de fotografías analóxicas, e CD ou DVD no caso de que as fotografías teñan formato dixital).

7. PREMIO

A fotografía gañadora será a que se inclúa no cartel anunciador do Entroido do ano 2015, e nel indicárase o nome do autor/a da fotografía.

8. DEVOLUCIÓN DAS OBRAS

As obras non premiadas, poderán ser reclamadas unha vez coñecido o veredicto do xurado e ata o 30 de maio de 2014.

As fotografías que non foran reclamadas nese prazo quedarán en propiedade do Concello de Castroverde, renunciando neste caso os autores ós dereitos sobre as obras.

9. DEREITOS PATRIMONIAIS DE EXPLOTACIÓN DA FOTOGRAFÍA PREMIADA.

En conformidade co previsto na Lei de Propiedade Intelectual, o AUTOR, sen prexuízo dos dereitos morais que lle corresponden, cede o Concello de Castroverde, con carácter de exclusiva e coa facultade da cesión a terceiros, os dereitos patrimoniais de explotación da fotografía premiada neste concurso.

A citada cesión en exclusiva atribúe ó Concello de Castroverde a facultade de explotar a fotografía con exclusión a calquera outra persoa, incluíndo ao propio autor.

O Concello de Castroverde, comprométese a exercer os dereitos de explotación conforme ó bo uso e con estrito respecto, en todo caso, dos dereitos morais do AUTOR.

Os dereitos patrimoniais de propiedade intelectual cedidos polo AUTOR en exclusiva ó Concello de Castroverde, comprenden a explotación por si mesmo ou por terceiros da fotografía, en calquera formato ou soporte e por calquera sistema, procedemento ou modalidade existentes e/ou coñecidos ou non na actualidade, con carácter gratuíto ou mediante contraprestación.

10. DISPOSICIÓNS FINAIS

A participación neste concurso implica a total aceptación das bases.

O Concello de Castroverde e o xurado elixido terán un coidado estrito na manipulación das fotografías recibidas, pero non se farán responsables por perda, roturas, roubos ou danos sufridos polas fotografías ou material entregado con ocasión do seu envío ou durante o concurso. Todas as imaxes presentadas teñen que estar libre de dereitos a terceiros

ORGANIZA



Concello de
Castroverde

Concellería de Cultura

COLABORA

*Maria
Nogueira*
FOTÓGRAFA